



.....

Xornada en liña: En modo conversa

Obxectos anónimos

.....

Martes, 27 de abril de 2021

No 1964, Bernard Rudofsky, comisario xefe do Departamento de Arquitectura do MoMA, inaugurou a famosa mostra *Architecture without Architects*, unha exposición que introduciu ao público xeral unha perspectiva ‘vernácula’ do contexto moderno. Os deseños mostrados descríbense como froito de centos de anos de desenvolvemento, demostrando así unha funcionalidade e materialidade puramente suxeitas a parámetros contextuais. Esta abstención absoluta aos conceptos de estilo e autoría permítenos contextualizar a nosa actualidade material, na que o tendencioso non sempre vai ligado á excelencia, por máis que se tente.

Os deseñadores Tomás Alonso, Miguel Leiro e Uqui Permui, como moderadora, conversarán sobre o concepto de ‘obxectos anónimos’ que, como na exposición de Rudofsky, mostran trazos que perduran no tempo e na memoria. Procesos de artesanía, deseño e enxeñaría exemplificaranse nesta conversa para tratar de postular novas formas de desenvolver unha cultura material máis sostible.

Fotografía da portada: Miguel Leiro

Programa



Presentación

Sofía Santos, cocordinadora da
xornada

Conversa

Obxectos anónimos

- **Tomás Alonso**, deseñador
- **Miguel Leiro**, deseñador
- **Uqui Permui**, deseñadora

Organiza

Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas. Consello da Cultura Galega

Coordina

Sofía Santos Pérez
Rosario Sarmiento

Información

A actividade non será presencial.
Os contidos estarán dispoñibles no noso web e na nosa canle en Youtube nas horas indicadas e logo permanecerán na Mediateca para consultas futuras.
Non é necesaria inscrición previa.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

Organiza:

